



# BOP

SÁBADO, 21 DE MARZO DE 2020

N.º 066

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

María Olimpia García González solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.69140.

As obras solicitadas consisten na reconstrución parcial dun muro e colocación dunha cancela no predio con referencia catastral 3111007PJ3131S; na zona de policía do río Valiñadares; no lugar de San Lázaro, na parroquia dos Remedios, no concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 12 de marzo de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0645

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

José Manuel Guimarey Gómez solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.66077.

As obras solicitadas consisten na colocación dun tubo para recoller augas pluviais; todo na finca da súa propiedade de referencia catastral 27067A026003920000XM, no lugar de Pallaregas, na parroquia de Covas, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 12 de marzo de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0646

## CONCELLOS

### ALFOZ

#### *Anuncio*

#### **Información pública**

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do doce de marzo de 2020 os seguintes padróns correspondentes ao cuarto trimestre de 2018:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga, taxa de vertedura e dereito de acometida.
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, expónse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 11 de setembro ata o 11 de novembro de 2019, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interperse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

Alfoz, 12 de marzo de 2020.- O Alcalde, JORGE VAL DIAZ,

R. 0647

## ANTAS DE ULLA

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de marzo de 2020, trala votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes na sesión, sendo once o número legal de membros que a compoñen, acordou a aprobación de inicio de expediente de cesión gratuíta do ben patrimonial que se detalla a continuación:

Parcela SUVILA, de titularidade do Concello, ubicada na Avda. de Lugo de Antas de Ulla, de superficie 2.925 m2, con referencia catastral núm. 27003A029003440000XQ, parcela 344, polígono 29, inscrita no Rexistro da Propiedade de Chantada co número 13373, tomo 784, Libro 73, Folio 77, finca libre de cargas ou gravames e arrendamentos e cos seguintes lindeiros: Norte: estrada N-640; Leste: María Ángeles García Portomeñe; Sur: camiño e Oeste: Lourdes Losada Saa.

De conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación co artigo 110.1.f. do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sométese o expediente a información pública polo prazo de vinte días a contar desde o seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

---

Antas de Ulla, 12 de marzo de 2020.- O Alcalde, Javier Varela Pérez

R. 0648

---

## A FONSGRADA

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente a desafectación do colexio de Vilardíaz sito no lugar de Vilardíaz - Veiga de Logares (polígono 54 parcela 243) da Fonsagrada, como ben de dominio público, por Acordo do Pleno Municipal da Entidade Local de data 10/03/2020, de conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. No suposto de non presentarse alegacións, o acordo de aprobación inicial quedará elevado a definitivo de forma automática.

A Fonsagrada, 11 de marzo de 2020. O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 0649

---

### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial da modificación do Regulamento Orgánico Municipal**

En sesión plenaria de 10 de marzo de 2020, prestase aprobación inicial á modificación do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Concello de A Fonsagrada.

En cumprimento do referido acordo de aprobación inicial o de imperativo legal do que resulta, esta resolución sométese a exposición pública por prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de exame e alegacións.

Durante o devandito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. No suposto de non presentarse alegacións, o acordo de aprobación inicial quedará elevado a definitivo de forma automática.

A Fonsagrada, 11 de marzo de 2020.- O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 0650

---

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de febreiro de 2020, que comprende un total de 28 recibos por un importe de 2.032,00 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondentes ao mes de febreiro de 2020, terá lugar dende o día 6/03/2020 ao 6/05/2020 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 9 de marzo de 2020.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0651

## LUGO

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día dezanove de febreiro de dous mil vinte, adoptou, entre outros o acordo 10/67 **NOMEAMENTO DE DONA ELENA MARÍA CARBALLAL PÉREZ E DONA SILVIA LÓPEZ ALONSO COMO FUNCIONARIAS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR AS PRAZAS DE EDUCADORA SOCIAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO A (SUBGRUPO A2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: TÉCNICA; CLASE: TÉCNICA/O MEDIA/O; PRESTACIÓN DO SERVIZO 66,7% DA XORNADA**, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

**PRIMEIRO.-** Nomear a dona Elena María Carballal Pérez e dona Silvia López Alonso, como funcionarias de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar as prazas de Educador/a Social do Excmo. Concello de Lugo, Grupo de titulación: Grupo A (Subgrupo A2); escala: administración especial; subescala: técnica; clase: técnica/o media/o; prestación do servizo 66,7% da xornada.

**SEGUNDO.-** Notificarlle o acordado ás interesadas, coa advertencia que deberán tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

**TERCEIRO.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 2 de marzo de 2020.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 0653

## O SAVIÑO

### Anuncio

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxeitos a AUGA, LIXO (urbán) e SUMIDOIROS correspondentes ao 4º bimestre do exercicio 2019, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 11 de marzo do 2020.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria do Concello (Praza de España, 1)

Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de abril de 2020 ao 20 de maio de 2020.

**PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN:** Nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data os recibos non pagados esixíranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Contra o presente acto que pon fin a vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñer:

1. Recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
2. Ou ben, directamente, reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

O Saviñao, 11 de marzo de 2020.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0655

---

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES

EXPEDIENTES : **V/27/01239**

PETICIONARIO: Junta de Compensación Norte I

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Urbanización Sector Norte I - Lugo

LOCALIDAD: Lugo

TÉR.M. MUNICIPAL: Lugo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Innominado/Miño

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales de escorrentía de "Urbanización Sector Norte I - Lugo" - "Junta de Compensación Norte I".

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Desarenador de flujo horizontal.
- Arqueta de toma de muestras.
- Conducción por el canal existente a cielo abierto hasta el punto de vertido.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 12 de marzo de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0656